PARLAMENTO DE GALICIA

**EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 03/12/2019**

PARLAMENTO DE GALICIA

3. Mocións. .......... 4
3.1 10/MOC-000167 (0059169) .......... 4
(0059169) Entrada da iniciativa .......... 5
(0059595) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 7
(0059652) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 8
3.2 10/MOC-000168 (0059273) .......... 9
(0059273) Entrada da iniciativa .......... 10
(0059625) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 12
(0059647) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 13
3.4 10/MOC-000170 (0059301) .......... 15
(0059301) Entrada da iniciativa .......... 16
(0059594) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 19
(0059644) Emendas dos grupos parlamentarios .......... 21
4. Proposicións non de lei ante o pleno. .......... 23
4.1 10/PNP-002517 (0033261) .......... 23
(0033261) Entrada da iniciativa .......... 24
(0059653) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 27
4.2 10/PNP-004029 (0054429) .......... 28
(0054429) Entrada da iniciativa .......... 29
(0059639) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 34
(0059643) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 36
4.3 10/PNP-004156 (0056220) .......... 38
(0056220) Entrada da iniciativa .......... 39
(0059627) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 42
(0059638) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 43
4.4 10/PNP-004192 (0056785) .......... 45
(0056785) Entrada da iniciativa .......... 46
(0059593) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 48
(0059620) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 50
(0059626) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 52
(0059645) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 54
4.5 10/PNP-004274 (0057625) .......... 56
(0057625) Entrada da iniciativa .......... 57
(0059621) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 59
(0059636) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 61
(0059646) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 63
4.7 10/PNP-004375 (0058855) .......... 65
(0058855) Entrada da iniciativa .......... 66
(0059608) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 72
(0059624) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 74
4.8 10/PNP-004382 (0058957) .......... 76
(0058957) Entrada da iniciativa .......... 77
(0059601) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 80
(0059607) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 83
(0059640) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 86
(0059654) Emendas dos Grupos Parlamentarios .......... 88

PARLAMENTO DE GALICIA

## 3. MOCIÓNS.

### 3.1 10/MOC-000167 (0059169)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Luca Chao Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57774, publicada no BOPG n.º 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059169) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59169
Data envío: 20/11/2019 19:14:09.154

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda por iniciativa das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación doc. núm. 57774, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes, debatida na sesión plenaria do día 20 de novembro de 2019. (10/INT-001972).

**MOCIÓN**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Evitar a discriminación do alumnado con NEEA garantindo o apoio adecuado con axuste razoable.
- Actualizar o Decreto 229/2011, de 7 de decembro de 2011, conforme a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- Realizar o proceso de transformación de centros especiais en centros de recursos que dean apoio aos centros ordinarios.
- Crear un Observatorio Galego de Inclusión educativa.
- Eliminar diferenzas entre territorios garantindo o dereito do alumnado independentemente de onde viva.
- Incluír ás familias e ao alumnado na toma de decisións.
- Elaborar Plans de formación permanente e actualizados.

CSV: REXISTRObNHW8sYDZ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59169
Data envío: 20/11/2019 19:14:09.154

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Xeralizar a detección e atención temperá.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Luca Chao Pérez
Deputada e vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2019 18:42:34**

**Luca Chao Pérez na data 20/11/2019 18:42:48**

CSV: REXISTROcNHW8sYDZ6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059595) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 10:55:25
Nº Rexistro: 59595
Data envio: 02/12/2019 10:55:25.103

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda,** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes, **doc.** nº **59169 (10/MOC-000167)**, incluída na sesión plenaria do 3 e 4 de decembro de 2019.

**Emenda nº 1 de engádega.**
Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"- Impulsar, de acordo coa comunidade educativa, un Plan Galego de Atención Integral á Diversidade."

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/12/2019 10:51:43**

**Luis Villares Naveira na data 02/12/2019 10:51:56**

CSV: REXISTROKFGmRmmz2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# (0059652) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 18:14:38
Nº Rexistro: 59652
Data envío: 02/12/2019 18:14:38.223

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, portavoz-adxunto, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Común de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes (59169).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o terceiro parágrafo, que terá o seguinte contido:

- Os centros de educación especial actúen como centros de recursos e apoio aos centros ordinarios, complementando as competencias dos Equipos de Orientación Específicos.

Emenda de modificación

O contido do sexto parágrafo débese substituír polo seguinte:

- Establecer protocolos que garantan un tratamento uniforme da participación das familias na determinación da resposta educativa máis acaída para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/12/2019 17:57:12**

CSV: REXISTROwC4V4u8242
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**3.2 10/MOC-000168 (0059273)**

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda - Carmen Santos Queiruga

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 57403, publicada no BOPG n.º 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059273) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59273
Data envío: 21/11/2019 18:30:51.570

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **MOCIÓN** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 57403, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller, debatida na sesión plenaria do día 19 de novembro de 2019. (10/MOC-000166).

MOCIÓN

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1- Instar ao Goberno do Estado para que se incremente o número de xulgados exclusivos en materia de violencia machista ata completar o seu número nas cinco principais cidade galegas, en cumprimento co acordado no Pacto de Estado e cas recomendacións do Consello Xeral do Poder Xudicial, de xeito consensuado na Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza.

2- Reformar as instalacións xudiciais existentes no noso País, para que estas conten con dependencias separadas e axeitadas para que denunciantes e menores, denunciados e familiares non se crucen.

3- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes.

CSV: REXISTRO1giu99qY89
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 59273
Data envío: 21/11/2019 18:30:51.570

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

4- Habilitar dependencias de agarda, para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores.

5- Adoitar medidas reais para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller, incrementar o persoal e garantir un carácter estable ao persoal do IMELGA.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 21/11/2019 18:29:47**

CSV: REXISTRO1gu99qY89
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

# (0059625) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59625
Data envio: 02/12/2019 16:29:55.089

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller (10/MOC-000168, doc. núm. 59273)

**Emenda de modificación do punto 3**

Débese substituír o punto 3 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

"3- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes e dos menores."

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 02/12/2019 16:26:27**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/12/2019 16:26:39**

**CSV**: REXISTROs7BB95nTs7
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059647) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:59:34
Nº Rexistro: 59647
Data envío: 02/12/2019 17:59:34.139

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción 59273 (10/MOC-000168**) do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 57403, publicada no BOPG n.º 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019).

**Emenda de substitución:**

Débese substituir o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1-Instar ao Goberno de España a incrementar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia machista que a Comisión Mixta Xunta de Galicia-Tribunal Superior de Xustiza consensúe cómo necesarios, en cumprimento co acordado no Pacto de Estado e cas recomendacións do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2-Reformar as instalacións xudiciais existentes en Galicia, na medida en que a estrutura dos edificios o posibiliten, para que conten con dependencias separadas e axeitadas para que denunciantes e menores, denunciados e familiares non se crucen.

3-Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes.

4-Habilitar dependencias de agarda, para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores, segundo a dispoñibilidade de medios existentes en cada edificio xudicial.

5-Continuar coas medidas para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller".

CSV: REXISTRO2U2ciAb9Y5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:59:34
Nº Rexistro: 59647
Data envío: 02/12/2019 17:59:34.139

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 02/12/2019 17:57:32**

**Paula Prado Del Río na data 02/12/2019 17:57:50**

CSV: REXISTROzU2clAb9Y5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

**3.4 10/MOC-000170 (0059301)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 56678, publicada no BOPG n.º 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059301) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2019 13:30:12
Nº Rexistro: 59301
Data envío: 22/11/2019 13:30:12.888

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 19 de novembro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social (10/INT-001907, doc. núm. 56678)

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Rexeitar de maneira clara os pactos con forzas políticas que fomenten o racismo, a xenofobia e a aporofobia, e que contribúan a estigmatización e criminalización dos menores estranxeiros non acompañados.

2. Poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a desigualdade, a pobreza e a exclusión social, na que se recollan entre outras:

   a) Un programa de avance cara a un Ingreso Mínimo Vital compatible co salario, que amplíe a axuda aos menores de familias altamente vulnerables de xeito progresivo, co obxectivo de chegar ata os 6 anos en 2020 e ata os 15 anos nun horizonte definido.
   b) Mentres non se poña en marcha o dito ingreso mínimo vital, realizar unha campaña informativa naquelas cidades, vilas e aldeas onde se concentren as maiores bolsas de pobreza dentro da nosa comunidade autónoma, co obxectivo de incrementar o número de solicitantes da Risga entre a poboación en risco de exclusión social.
   c) Un plan de choque, dotado orzamentariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares sen ningún ingreso.
   d) Mellorar a atención ás persoas sen fogar, desenvolvendo e implantando de maneira urxente a metodoloxía Housing First, que contemple a posta ao dispor do programa de a lo menos 20 vivendas antes de que remate a lexislatura; así como incrementando durante a X lexislatura o investimento nos centros e servizos de atención a persoas sen fogar.

CSV: REXISTRO7YnjVBw5m4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2019 13:30:12
Nº Rexistro: 59301
Data envío: 22/11/2019 13:30:12.888

3. Mellorar a rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos, tal que o acceso constitúa un dereito subxectivo e universal:

    a) Propiciando medidas de conciliación da vida familiar e laboral e incrementando de maneira urxente o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de agarda.
    b) Avanzando de xeito decidido paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa escolar, co obxectivo de que no horizonte do ano 2024, un 50 % dos menores de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertenzan a unha rede de recursos pública e gratuíta, e sexa totalmente gratuíta para todos os que pertenzan a familias con renda inferior a 2,5 veces o IPREM.

4. Establecer unha estratexia de loita contra o desemprego que dea prioridade aos colectivos máis desfavorecidos - xente moza, parados de longa duración e desemprego feminino – para o cal:

    a) Incentivarase a contratación indefinida, vinculando estes incentivos a unha taxa de estabilidade.
    b) Impulsarase un plan de control contra os abusos laborais en Galicia e fortalecerase o Servicio Público de Emprego establecendo medidas de planificación para a mellora da empregabilidade e potenciando a intermediación.
    c) Deberase incluír un plan galego de dinamización e apoio ás persoas traballadoras autónomas, co obxectivo de revitalizar os negocios que están en marcha e o impulso aos novos, no que se incorpore un plan galego de relevo xeracional.

5. Impulsar novos obxectivos na súa política de vivenda:

    a) Comprometéndose a incrementar o orzamento dedicado a consolidación dun parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, que responda ás demandas do Rexistro de Demandantes de Vivenda, e co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, tal e como foi aprobado na Cámara galega hai un ano.
    b) Atendendo todas as demandas de axudas de vivenda en aluguer para colectivos vulnerables que contempla o plan estatal de vivenda, complementándoas con fondos propios e programas propios no caso de ser preciso, e garantindo unhas condicións das bases igualitarias para os galegos e galegas fronte a outras comunidades autónomas.

CSV: REXISTRO7YhjVBw5m4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2019 13:30:12
Nº Rexistro: 59301
Data envío: 22/11/2019 13:30:12.888

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 22/11/2019 13:27:36**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/11/2019 13:27:45**

CSV: REXISTRO7YnjVBw5m4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0059594) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 10:54:59
Nº Rexistro: 59594
Data envio: 02/12/2019 10:54:59.447

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** á **Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 59301 (10/MOC- 000170),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 3 e 4 de decembro de 2019.

**Emenda núm. 1 de adición.**

Débese engadir un punto co seguinte texto:

"6. Impulsar un plan de apoio específico, con obxectivos e dotación orzamentaria, de apoio ás familias monomarentais/monoparentais."

**Emenda núm. 2 de adición.**

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"7. Deseñar un paquete de medidas de loita contra a pobreza da xente maior de 65 anos, que inclúa: aumento dos complementos para as perceptoras de PNC, aumento de recursos sociosanitarios de proximidade (centros de día, recursos na Atención Primaria de saúde, Servizos Sociais Comunitarios), especialmente do Servizo de Axuda no Fogar, e solicitude ao Goberno do Estado da defensa do sistema público de pensións e a súa actualización conforme ao IPC."

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

CSV: REXISTRO5sjqurYiY9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 10:54:59
**Nº Rexistro: 59594**
Data envío: 02/12/2019 10:54:59.447

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/12/2019 10:45:38**

**Luis Villares Naveira na data 02/12/2019 10:45:49**

**CSV:** REXISTRO5sjqurYIY9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059644) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:51:44
Nº Rexistro: 59644
Data envio: 02/12/2019 17:51:44.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **59301 [10/MOC-000170]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 56678, publicada no BOPG n.º 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 3 de decembro de 2019.

**Emenda de adición**

No punto 2 engadir un novo apartado e) co seguinte texto:

"e) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle:

- O pago dos máis de 198 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

- O financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia."

**Emenda de adición**

No punto 4 engadir un novo apartado d) co seguinte texto:

"d) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que proceda á derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado

CSV: REXISTROJu6ZsUBny9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:51:44
Nº Rexistro: 59644
Data envío: 02/12/2019 17:51:44.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de "medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego."

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 17:47:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 17:47:53**

CSV: REXISTROJu5ZsUBny9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

### 4.1 10/PNP-002517 (0033261)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0033261) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:48
Nº Rexistro: 33261
Data envío: 09/07/2018 11:48:29.327

GRUPO PARLAMENTAR en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo ten a función de realizar investigacións básicas e aplicadas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

Realiza tamén a labor de transferencia de coñecementos ao sector agrogandeiro. Desenvolve convenios con empresas ou cooperativas do sector para desenvolver liñas de investigación aplicables ao agro en Galiza.

Realiza na actualidade unha labor fundamental, e é indispensable para o futuro do sector e a súa adaptación ás mudanzas necesarias, en cuestións como a conservación da biodiversidade e a investigación de variedades que poidan ser interesantes para o seu cultivo futuro, métodos de produción máis eficientes no uso da auga, menos dependentes dos insumos, etc.

Tendo esta relevancia obsérvase que a Xunta de Galicia está a debilitar o centro negándolle os recursos necesarios para un óptimos funcionamento.

Nos anos de goberno Feijoo non se repuxeron efectivos de persoal investigador e de campo, o que situou o cadro investigador por debaixo do 50% dos efectivos

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:48
Nº Rexistro: 33261
Data envío: 09/07/2018 11:48:29.327



Tampouco se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos, o que provocou a obsolescencia dos recursos materiais utilizados na investigación

E reduciuse a dotación de fondos propios para o gasto corrente ata case eliminalos.

O goberno galego non atende as necesidades de persoal do centro tanto de investigadores como de persoal laboral para as labores nas fincas e gandeirias.

Das 22 prazas de investigadores 11 están vacantes, e mesmo o centro carece dun especialista na investigación do millo ante a xubilación do probablemente maior experto do país.

A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos.

A falla da preparación do relevo dos investigadores, común tamén a outros centros de investigación, é outro dos problemas que teremos no futuro.

Tamén existe carestía orzamentaria para a xestión diaria do CIAM reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do centro.

Non entendemos que por unha parte de fale da innovación como piar do futuro, ou da lexislatura do rural cando na realidade a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:48
Nº Rexistro: 33261
Data envío: 09/07/2018 11:48:29.327

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dotar de medios persoais e orzamentarios suficientes para o bo desenvolvemento das actividades do CIAM, cubrindo cando menos as vacantes existentes en persoal investigador.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Davide Rodríguez Estévez
Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 09/07/2018 11:41:36**

**David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 11:41:47**

PARLAMENTO DE GALICIA

# (0059653) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 18:18:19
Nº Rexistro: 59653
Data envío: 02/12/2019 18:18:19.850

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz-adxunto, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Magebondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes (doc. num. 33261).

Emenda de adición

Débese engadir *in fine*, na parte resolutiva da iniciativa o seguinte texto:

"... antes de que remate este lexislatura."

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/12/2019 17:57:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/12/2019 17:58:15**

CSV: REXISTRO-HVzMcQMd0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

**4.2 10/PNP-004029 (0054429)**

Grupo Parlamentario Mixto - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario Mixto - Francisco Casal Vidal
Grupo Parlamentario Mixto - David Rodríguez Estévez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental

PARLAMENTO DE GALICIA

(0054429) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 10:02:49
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 29/08/2019 10:02:49.456

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate no **Pleno** sobre a situación emerxencia climática do mundo e nomeadamente de Galicia

Expositivo.

Vivimos nun tempo de emerxencia climática e deterioro ambiental que acadou xa o punto de non reversibilidade. A transición cara unha economía libre de emisións de efecto invernadoiro require un profundo cambio social, e por tanto, político.

A situación de deterioro ambiental e a emerxencia climática global, ocasionada por unha política de crecemento ilimitado e depredación baseada na explotación depredadora de recursos naturais, nun mecanismo de distribución comercial inxusto social e ambiental e nun modelo de consumo require un cambio radical nas políticas enerxética, industrial e de consumo que promoven as grandes corporacións e que as poboacións, sen crítica, practicamos.

A situación de desequilibrio ambiental e desigualdade humana Norte-Sur, incluíndo cada vez máis amplos focos de degradación ambiental no Norte e de máxima pobreza no Sur, demanda medidas urxentes, accións enérxicas e visión interxeneracional.

A ecoloxía política non é unha política máis dun programa de cambio, é o modelo sobre o que facer pivotar todo o resto da axenda, como o están a formular moitos movementos en diferentes partes do planeta.

En Marea recoñece como certos os seguintes feitos:

- O cambio climático é una crise urxente que representa una grave ameaza para a estabilidade mundial e a existencia humana.



CSV: REXISTRONvmo6VqW9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 10:02:49
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 29/08/2019 10:02:49.456

- O Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC, en inglés) emitiu un informe especial sobre o impacto do quentamento global e a necesidade de reducir as emisións globais de gases de efecto invernadoiro antes do 2030 para manter o quentamento a 1.5 ºC e evitar os impactos máis catastróficos do cambio climático. Isto, pode ser posible con accións ambiciosas das autoridades estatais, nacionais e subnacionais, a sociedade civil, o sector privado, os pobos e as comunidades locais.
- O ritmo e a escala actuais da acción climática nacional non son suficientes para evitar danos significativos á economía, o medio ambiente e á saúde humana nas próximas décadas.

Debemos formar parte da corrente de cambio global e asegurar programas de transición enerxética, industrial e de consumo, que permitan abordar os retos da mudanza climática á que determinadas grandes corporacións asentadas en Galicia contribúen decisivamente. Programas que teñan como piares a autosuficiencia enerxética sostible, o consumo responsable e a soberanía alimentaria.

Se non collemos a bandeira da loita contra o cambio climático traizoamos á mocidade que está nas rúas demandando que non se lles roube o futuro.

Hai que construír unha proposta de futuro sostible para a sociedade galega. Isto supón unha re-definición da política forestal, das explotacións agrarias e gandeiras, da nosa forma de consumir, do noso xeito de movernos e do noso tecido produtivo, así como a mellora e a concienciación na reciclaxe de todos os recursos naturais existentes e dos que xeramos.

A explotación dos nosos montes ten que pasar da economía depredadora do monocultivo de eucalipto e do pino á recuperación das especies tradicionais (rebolas, castañeiros, bidueiros etc..), ben adaptadas ao noso clima, cunha nova Lei Forestal de Galicia que prohiba as novas plantacións en todo o territorio destas especies foránea e que fixe obxectivos realistas de substitución gradual de

CSV: REXISTRONvmp6VqWl9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 10:02:49
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 29/08/2019 10:02:49.456

eucalipto e pino por especies frondosas autóctonas, dotada do financiamento adecuado.

En canto á xeración de enerxía, a única enerxía renovable que está nos plans da Xunta de Galicia é a eólica, precisamente a que ten máis impacto ambiental. Acadar a soberanía enerxética significa impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica, e poñer en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable, accesible por outra banda para todas as persoas, especialmente para aquelas con menores recursos, co afán de fomento da igualdade e da diminución das desigualdades entre as persoas que máis e menos recursos posúen.

Débese apostar pola mobilidade eléctrica, a limitación da circulación de vehículos contaminantes e a creación dunha infraestrutura ferroviaria propia para as cercanías que vertebren o territorio e reduzan o uso do vehículo privado.

É necesario adoptar medidas de simplificación administrativa que poñen en perigo a consecución dos obxectivos en materia de mitigación da crise climática.

A visión de catro anos e as boas palabras acompañadas de nula vontade de cambio real son cousa do pasado.

Estamos en estado de emerxencia, temos que actuar, temos que facelo de xeito colectivo e non podemos perder máis tempo.

Por todo o exposto o Grupo parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate no pleno

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a

1. Declarar Galicia como país en risco de Emerxencia Climática, por estar ameazada toda a sociedade en xeral e tamén o mundo natural.

CSV: REXISTRONvmp6VqWi9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 10:02:49
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 29/08/2019 10:02:49.456

2. Implementar un plan, neste curso político, para revitalizar o medio rural galego, traballando á escala adecuada (proximidade, comarcalización) na administración dos recursos agrarios e forestais.
3. Elaborar, no prazo máximo de 2 meses, unha estratexia para reforzar a prevención de incendios forestais, tanto con medios persoais como materiais e económicos, reprantexando o actual sistema de extinción, a ter en conta na aprobación do PLADIGA 2020.
4. Elaborar, no prazo máximo de 3 meses, un plan para impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica, e poñer en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable.

Santiago de Compostela, a 29 de agosto de 2019.

Asdo: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Davide Rodríguez Estévez

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 29/08/2019 09:56:43**

**Paula Vázquez Verao na data 29/08/2019 09:56:51**

**Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 09:57:03**

CSV: REXISTRONvmp6VqWi9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 10:02:49
Nº Rexistro: 54429
Data envío: 29/08/2019 10:02:49.456

**David Rodríguez Estévez na data 29/08/2019 09:57:17**

CSV: REXISTRONvmo6VqWi9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

**4.7 10/PNP-004375 (0058855)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración

PARLAMENTO DE GALICIA

(0058855) Entrada da iniciativa

Mesa 18.11.2019
A Mesa acorda a admisión a trámite, coa substitución no segundo punto da parte resolutoria da expresión "- Constituír no seu seo unha ponencia..." por "- Constituír no seu seo, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, unha ponencia...".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
Nº Rexistro: 58855
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colectivo Vía Galega presentou no rexistro do Parlamento galego escrito dirixido a todos os Grupos políticos con representación no mesmo co seguinte contido:

*"Este vaise i aquel vaise,*
*e todos, todos se van.*
*Galicia, sin homes quedas*
*que te poidan traballar.*
*Tés, en cambio, orfos e orfas*
*e campos de soledad,*
*e nais que non teñen fillos*
*e fillos que non ten pais.*
*E tés corazóns que sufren*
*longas ausencias mortás,*
*viudas de vivos e mortos*
*que ninguén consolará.*

*No poema **Pra a Habana!**, a nosa poeta, **Rosalía de Castro**, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.*



CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
Nº Rexistro: 58855
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*156 anos despois da publicación de* ***Cantares Gallegos*** *este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do* ***Instituto Galego de Estatística****, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.*

*Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.*

*A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.*

*A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.*

*Na época na que Rosalía escribiu* ***Pra a Habana!*** *a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.*

CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
Nº Rexistro: 58855
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.*

*A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.*

*Por todo o devandito o Pleno do Parlamento Galego adopta os seguintes acordos:*

*- Considerar a emigración como un drama social e nacional, concibir este problema como unha emerxencia nacional e outorgar prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.*

*-Constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*

*-Deben ser eixos destas políticas:*

*- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.*

*- A creación de emprego digno e de calidade.*



CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
Nº Rexistro: 58855
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*

*- O compromiso con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético, I+D+I e das TIC."*

O Grupo Parlamentar do BNG fai súas as demandas presentadas por "Vía Galega" e presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

- Considerar a emigración como un drama social e nacional, concibir este problema como unha emerxencia nacional e outorgar prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Constituír no seu seo, no primeiro trimestre de 2020, unha comisión de estudo sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia, e actualmente, golpea ao Pobo Galego.

- Deben ser eixos destas políticas:

    - A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.



CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
**Nº Rexistro: 58855**
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

- O compromiso con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro , enerxético, I+D+I e das TIC."

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres Noa Presas**
**Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz** Deputadas e
deputados do G.P. do BNG **Ana Pontón**
**Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2019 17:30:38**

CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2019 17:34:08
Nº Rexistro: 58855
Data envío: 13/11/2019 17:34:08.630

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2019 17:30:45**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2019 17:30:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2019 17:30:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/11/2019 17:31:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2019 17:31:15**

CSV: REXISTROht3SmbvAR1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059608) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:16:46
Nº Rexistro: 59608
Data envío: 02/12/2019 13:16:46.876

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a iniciativa da deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei. doc. núm. 58855, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración, incluída na orde do día da sesión plenaria do día 3 de decembro de 2019. (10/PNP-004375).

EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir os seguintes puntos:

- Presentar, antes de que remate o primeiro trimestre do 2020, un informe sobre os resultados da estratexia retorna 2020 que inclúa, cando menos, número de solicitantes por ano, concesións e causas da denegación, contías das axudas concedidas.
- Publicar, de xeito inmediato, o Plan Retorna 2020 contando cunha memoria económica desglosada.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 02/12/2019 13:14:40**

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTROOkFo3hkSr9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:16:46
Nº Rexistro: 59608
Data envio: 02/12/2019 13:16:46.876

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

CSV: REXISTROOkFp3hkSt9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059624) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59624
Data envío: 02/12/2019 16:29:19.776

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María del Carmen Rodríguez Dacosta,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Grupo do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa drama da emigración (10/PNP-004375, doc. núm. 58855)

**Emenda de modificación**

Débese modificar no primeiro apartado do terceiro parágrafo o seguinte contido:

Onde di: "...dunha economía autocentrada, que...", debe dicir: "...dunha economía potente, que...".

Emenda de adición

Débese engadir no terceiro parágrafo un novo apartado que quedará redactado co seguinte contido:

"- Facilitar o retorno de emigrantes, actuando tanto nos países de orixe como en Galicia e potenciando os dispositivos de acollida das persoas e familias de emigrantes retornados."

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2019

Asdo.: María del Carmen Rodríguez Dacosta
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/12/2019 16:23:56**

CSV: REXISTRO R8f34wxQN9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 59624
Data envío: 02/12/2019 16:29:19.776

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/12/2019 16:25:43**

CSV: REXISTRO R8f34wxQN9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**4.8 10/PNP-004382 (0058957)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles Antón Vilasánchez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia así como da produción dese tipo de enerxías. (Procedemento de urxencia)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0058957) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 17:35:13
Nº Rexistro: 58957
Data envío: 18/11/2019 17:35:13.588

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Miguel Tellado Filgueira, Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Jacobo Moreira Ferro, Moisés Blanco Paradelo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia exprese esta demanda ao Goberno de España canto antes para que a poida valorar desde o primeiro día da súa constitución.

**Exposición de motivos**:

Galicia é líder dentro de España en produción de enerxía renovable. Case un 70% da potencia eléctrica instalada na nosa comunidade xa é renovable, moi por riba da media española, situada nun 38%, e a produción eléctrica de fontes renovables equivale a un 86% do consumo eléctrico en Galicia.

Esta realidade prevese aumentar nun futuro, e nese sentido a Xunta de Galicia xa aprobou a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2020, así como a creación da Comisión Interdepartamental para o Impulso e Coordinación da mesma.

CSV: REXISTROmiaJbMDv22
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 17:35:13
Nº Rexistro: 58957
Data envío: 18/11/2019 17:35:13.588

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Nese avance das renovables en Galicia ten moito que ver o desenvolvemento do sector eólico, acelerado nos último ano grazas á Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, impulsada por este Grupo Parlamentario, que axilizou os trámites para a implantación de proxectos eólicos e permitiu facer viables en tempo os proxectos galegos que tiveran éxito nas poxas de renovables convocadas no ano 2017 polo Ministerio, sen perder as máximas garantías urbanísticas, técnicas e ambientais.

Neste momento, estanse a construír unha vintena de parques eólicos na Comunidade, cun investimento de preto de 570 millóns de euros e cunha potencia programada de 480 megavatios que permitirá a Galicia acadar case 4.000 megavatios de enerxía eólica instalados ao final deste ano.

Porén, o desenvolvemento deste sector en Galicia e as súas perspectivas de futuro esixen xa novas oportunidades de desenvolvemento que deben ser canalizadas axeitadamente polo Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para permitir aumentar a potencia eólica instalada en Galicia e, en consecuencia, a produción de enerxías renovables na nosa comunidade".

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTROmIaJbMDv22
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2019 17:35:13
Nº Rexistro: 58957
Data envío: 18/11/2019 17:35:13.588

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Pedro Puy Fraga na data 18/11/2019 17:28:19**

**Marta Novoa Iglesias na data 18/11/2019 17:28:40**

**Gonzalo Trenor López na data 18/11/2019 17:29:05**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/11/2019 17:29:24**

**Martín Fernández Prado na data 18/11/2019 17:29:42**

**Maria Antón Vilasánchez na data 18/11/2019 17:30:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 18/11/2019 17:30:12**

**Moisés Blanco Paradelo na data 18/11/2019 17:30:37**

**Antonio Mouriño Villar na data 18/11/2019 17:30:54**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 18/11/2019 17:31:28**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/11/2019 17:31:38**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 18/11/2019 17:32:10**

**Diego Calvo Pouso na data 18/11/2019 17:32:23**

**Jaime Castiñeira Broz na data 18/11/2019 17:32:52**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 18/11/2019 17:33:21**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/11/2019 17:33:38**

CSV: REXISTROmlaJbMDv22
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059601) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 12:50:09
Nº Rexistro: 59601
Data envío: 02/12/2019 12:50:09.350

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 58957, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia así como da produción deste tipo de enerxías, incluída na orde do día da sesión plenaria do 3 de decembro de 2019. (10/PNP-004382).

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Elaborar un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:

a. Abrirase un procedemento de participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc, para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador de Plan.

b. Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo, non inferior a 6 meses, para que todos os colectivos consultados e a cidadanía en xeral poida presentar alegacións.



CSV: REXISTRObGfkVKD4r8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 12:50:09
Nº Rexistro: 59601
Data envío: 02/12/2019 12:50:09.350

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

c. O Plan Sectorial Eólico de Galiza elaborarase en base aos seguintes principios:

i. Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.

ii. Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos. Apoiar, con financiamento e asesoramento públicos as iniciativas cooperativas de produción onde a poboación local, comunidades de montes e outras fórmulas comunitarias, sexa a protagonista.

iii. Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplen e faciliten a participación pública do INEGA no capital dos novos parques

iv. Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

v. Ampliación da superficie declarada actualmente como Rede Natura.

vi. Zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.

2) Mentres non se aprobe o Plan Sectorial Eólico de Galiza estableceranse nun prazo de 2 meses:

a) Zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura necesaria para achegar a porcentaxe de superficie con esta cualificación ás medias europeas.

CSV: REXISTRObGKVKD4r8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 12:50:09
Nº Rexistro: 59601
Data envío: 02/12/2019 12:50:09.350

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A responsable da proposta destas zonas de exclusión de parques eólicos será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e será aprobada no Parlamento de Galiza.

b) Zonas de exclusión paisaxística. En previsión da aprobación das Directrices da Paisaxe, o Instituto de Estudos do Territorio fará unha proposta de zonas de exclusión por motivos paisaxísticos, nun prazo de 2 meses que deberá de ser aprobada no Parlamento de Galiza.

3) Que, en tanto non se modifique o Plan Sectorial Eólico de Galiza, se consideren Áreas de Desenvolvemento as actuais, agás as áreas de exclusión propostas no punto 2.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/12/2019 12:49:08**

CSV: REXISTRObGKVKD4r8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0059607) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:52
Nº Rexistro: 59607
Data envio: 02/12/2019 13:04:52.168

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **58957 [10/PNP-004382]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia así como da produción dese tipo de enerxías, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 3 de decembro de 2019.

**Emenda de substitución**

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que asuma o seu fracaso respecto da enerxía eólica e que impulse un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais a partir das seguintes cuestións:

1) Desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, etc.) e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

2) Reforzar o persoal da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover o asesoramento técnico e administrativo necesario e

CSV: REXISTRO-Rp8kmC7Q9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:52
Nº Rexistro: 59607
Data envío: 02/12/2019 13:04:52.168

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

axilizar tanto a tramitación como as demandas de información pública que puideren existir.

3) Vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando a participación pública da Xunta de Galiza e dos concellos galegos dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento para as necesidades de compensación que poña fin aos problemas xerados polo canon eólico e a lesiva política impositiva vixente, que deberá ser substituída. De forma particular, impulsaranse Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen.

4) Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais, estabelecer un Fondo de continxencia para a restauración dos posíbeis danos e deseñar unha estratexia de repotenciación e substitucións programadas que progresivamente salvagarde a totalidade do territorio Rede Natura incluíndo a prohibición de instalacións nas zonas de expansión desta.

5) Demandar do goberno central convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para permitir aumentar a potencia eólica instalada en Galiza con base ás necesidades que xurdiren dos puntos anteriores e, en consecuencia, avanzar na produción enerxética renovables na nosa comunidade."

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-lRp8kmC7Q9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 13:04:52
Nº Rexistro: 59607
Data envío: 02/12/2019 13:04:52.168

bng
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 13:02:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 13:02:42**

CSV: REXISTROIRp8kmC7Q9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0059640) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:27:40
Nº Rexistro: 59640
Data envío: 02/12/2019 17:27:40.627

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Mixto,** por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas** á **Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia así como da produción dese tipo de enerxías, **núm. 58.957 (10/PNP-004382)**, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o 3 e 4 de decembro de 2019.

**Emenda núm. 1 de adición.**
Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"2.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de Estado unha modificación profunda das convocatorias de poxas de enerxías renovables para evitar os resultados megaespeculativos das anteriores de 2016 e 2017."

**Emenda núm. 2 de adición.**
Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"3.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a modificar o Plan Sectorial Eólico de Galicia, dado que a maioría de parques froito da poxa estatal se desenvolven por debaixo dos 50 Mw para eludir o control do Estado, para garantir:

- A protección medioambiental e paisaxística.
- A remuneración xusta aos propietarios dos terreos.

CSV: REXISTRO0RjHz1BKv9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 17:27:40
Nº Rexistro: 59640
Data envío: 02/12/2019 17:27:40.627

- Os retornos socioeconómicos para as comarcas afectadas polos parques. Tanto a nivel de emprego como de condicións vantaxosas de acceso a enerxía eléctrica para os fogares, explotacións agrogandeiras e resto de empresas.
- A participación dos axentes locais, administracións locais, cooperativas e PEMES na propiedade e explotación dos parques."

**Emenda núm. 3 de adición.**
Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un novo canon eólico adecuado á realidade das novas instalacións, en función da potencia e a produción anual dos aeroxeradores e parques eólicos."

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 02/12/2019 17:26:55**

**Luis Villares Naveira na data 02/12/2019 17:27:07**

CSV: REXISTRO0RjHz1BKv9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

# (0059654) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/12/2019 18:20:21
Nº Rexistro: 59654
Data envío: 02/12/2019 18:20:21.475

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz-adxunto, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías (doc. núm. 58957).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Impulsar, conxuntamente co Goberno central, un novo contrato social (un *Green New Deal*) que nos permita facer fronte á necesaria transición ecolóxica mediante o fomento da máxima eficiencia no uso dos recursos naturais, as tecnoloxías menos contaminantes, e de menor impacto sobre a biodiversidade, en particular as enerxías renovables e a creación de emprego "verde" en todos os sectores.

2º) Elaborar un novo plan sectorial eólico de Galicia que conte coa participación de todos os actores implicados e que teña en conta o disposto no Anteproxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, elaborado polo Goberno de España.

Pazo do Parlamento, 2 de decembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/12/2019 18:12:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/12/2019 18:12:39**

**CSV**: REXISTROQ8gmXLbCp7
**Verificación**:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/